

Requisitos de idioma

Mestrado en Intelixencia Artificial (MIA)

Nesta páxina recolleemos as preguntas e respostas máis frecuentes sobre o Mestrado en Intelixencia Artificial que se imparte na ETSE da USC. Se non atopas aquí a resposta á túa cuestión non dubides en contactar coa Coordinación do Mestrado en Intelixencia Artificial no enderezo que segue:

maria.taboada@usc.es

Tamén podes consultar a información publicada na [páxina do MIA na web da ETSE](#).

Este mestrado esixe un nivel mínimo de inglés de B1 no MECR. ¿Como podo certificalo?

A docencia do mestrado é integramente en inglés, polo que se precisa un nivel mínimo para poder seguir as clases. O nivel B1 do Marco Europeo corresponde ao que tradicionalmente se chama “nivel intermedio” dun idioma. O nivel B1 de coñecemento da lingua estranxeira pode acreditarse de distintas formas na USC, estas son as máis frecuentes:

- Achegando algún dos títulos ou diplomas de coñecemento de linguas recoñecido pola USC ([títulos recoñecidos](#)).
- Superando os Exames de Competencia Lingüística organizados polo Centro de Linguas Modernas da USC (B1-A e B1-B ou superiores).
- Superando un curso do Centro de Linguas Modernas da USC de nivel B1 ou superior (MECR).